


Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



CONCELLO DE BOIRO



N.º R. E. L. 01150119

## MESA DE CONTRATACIÓN

**EXPEDIENTE: PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE FONTANERÍA PARA EXECUTA-LA OBRA DENOMINADA "SUBSTITUCIÓN E MELLORA DO ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE TRAMO BOIRO-CABO DE CRUZ E TRAMO AVENIDA DE COMPOSTELA".**

**TRÁMITE: VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á SOLVENCIA TÉCNICA.**

Boiro, 30 de outubro de 2012.

### Presidente:

D. Juan José Dieste Ortigueira (alcalde)

### Vogais:

- D. Fernando M. García Diéguez (concelleiro delegado de obras)
- D.ª Josefa Campaña Carballo (interventora accidental)
- D.ª Raquel B. Bahillo Varela (secretaria municipal)
- D. J. Emilio Piña Ordiz (arquitecto municipal)
- D. Ramón Ventura Suárez Núñez (arquitecto técnico municipal)

### Secretario:

D. Severino Abalo Chouza (técnico de administración xeral)

Na Casa Consistorial de Boiro, ás 13.15 horas do día 30 de outubro de 2012, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Juan José Dieste Ortigueira, reúnese a Mesa de Contratación coa asistencia dos vogais e secretario reseñados.

Na sesión realizada o 15.10.2012 en relación con este mesmo expediente de contratación, a Mesa acordou requirir ó licitador admitido, JAVASÁN BOIRO SL, para que no prazo de 3 días hábiles presentara a seguinte documentación orixinal ou copia compulsada:

- a) Documentación acreditativa da solvencia técnica mediante calquera dos medios sinalados no apartado 3.2 do prego de cláusulas administrativas da licitación posto en relación co artigo 77 do TRLCSP.

Este requirimento foi atendido polo licitador, que presentou a documentación que estimou convinte para este fin por medio dun escrito que tivo entrada no rexistro deste concello o pasado 19.10.2012 (nº 10.778).

Teléfonos:  
981 844 800  
981 849 960  
Fax, 981 844 008



Praza de Galicia,  
15930 BOIRO (A Cort)  
correo e: correo@boiro  
páxina web: www.boiro

N.º R. E. L. 01150119

## CONCELLO DE BOIRO

Na sesión realizada o 25.10.2012, á vista de que a documentación presentada tiña un marcado carácter técnico, a Mesa acordou solicitar do arquitecto municipal, presente na sesión, a emisión dun informe que aclarara se era suficiente ou non para acreditar a solvencia técnica da empresa licitadora neste expediente de conformidade co previsto no artigo 77 do TRLCSP.

Cumprindo con este requirimento, o arquitecto municipal e membro da Mesa de contratación, J. Emilio Piña Ordiz, emitiu o 29.10.2012 un informe no que se manifesta:

"A mercantil indica no seu escrito, que se acolle ós apartados e, f do artigo 77 para a xustificación. Estes artigos indican en particular que deberán presentarse descrições e fotografías dos produtos a subministrar coa autenticidade que se poida acreditar a entidade do sector contratante. Coa documentación presentada, que consiste en 4 páxinas de fotos sen indicación da súa correlación coa licitación, non queda acreditado que se poida acreditar a autenticidade dos mesmos.

Respecto ó apartado f, indica a presentación de certificados de institutos, ou servizos oficiais encargados do control de calidade de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade dos produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

Da documentación presentada, 3 follas están en francés, sen referencia a ningún servizo oficial nacional de competencia recoñecida. Os restantes, non se acredita a súa correlación cos elementos incluídos na licitación.


### CONCLUSIÓN:

Na opinión do técnico que asina, a documentación presentada non é coherente coas determinacións do artigo 77 do TRLCSP, e non pode ser aceptada."

Á vista do exposto, a Mesa, considerando que parte da documentación técnica está redactada en francés, o que imposibilita a súa valoración, e que non consta ningún compromiso de que os fabricantes citados na documentación vaian a subministrarlle ó licitador o material que se oferta, asumindo tamén o contido do informe técnico transcrito, por unanimidade dos seus membros **acorda propoñerlle á Xunta de Goberno Local, como órgano contratante, declarar deserta a licitación.**

Non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 13.40 horas do día da data, do que eu, como secretario da mesa, dou fe.

  
O presidente da Mesa  
Juan José Dieste Ortigueira

  
O secretario  
Severino Abalo Chouza